

Competencias a Día 1 (EAEVE)

(aprobado polo ECCVT o 30 de marzo de 2023). Anexo 2 do ESEVT SOP 2023

https://www.eaeve.org/fileadmin/downloads/SOP/ESEVT_SOP_2023_adopted_by_the_36th_GA_in_Leipzig_on_8_June_2023.pdf

- 1.1 Actuar de forma que demostre unha comprensión do marco ético e legal dentro do que deben traballar os veterinarios, incluíndo as cuestións profesionais, de benestar animal, de clientes, de saúde pública, sociais e ambientais.
- 1.2 Entender os métodos de investigación científica, a contribución da investigación básica e aplicada á ciencia e a aplicación do principio das 3R (substitución, redución, refinamento).
- 1.3 Demostrar un coñecemento básico da organización, xestión e lexislación relacionada coa práctica veterinaria. Comprender o contexto económico e emocional no que actúa o veterinario.
- 1.4 Promover, vivir e contribuír ao mantemento da saúde e da seguridade dun mesmo, dos pacientes, dos clientes, dos compañeiros e do medio ambiente no ámbito veterinario; demostrar coñecementos sobre os principios de garantía de calidade; aplicar os principios de xestión de riscos na práctica.
- 1.5 Comunicarse de forma eficaz cos clientes, o público, os colegas profesionais e as autoridades responsables, utilizando unha linguaxe adecuada ao público en cuestión e respectando plenamente a confidencialidade e a privacidade.
- 1.6 Aplicar principios de interacción interpersoal eficaz, incluíndo comunicación, liderado, xestión, traballo en equipo, respecto mutuo e outras habilidades transversais.
- 1.7 Elaborar rexistros clínicos e de clientes precisos e informes de casos cando sexa necesario, nunha forma satisfactoria para os públicos relevantes.
- 1.8 Traballar eficazmente como membro dun equipo multidisciplinar na prestación de servizos e recoñecer a contribución de todos os membros do equipo.
- 1.9 Ser capaz de revisar e avaliar de forma crítica a literatura e as presentacións.
- 1.10 Comprender e aplicar os principios de One Health para garantir as Boas Prácticas Clínicas veterinarias e a medicina veterinaria baseada na investigación e na evidencia.
- 1.11 Demostrar capacidade para analizar de forma crítica a evidencia, xestionar información incompleta, xestionar continxencias e adaptar coñecementos e habilidades a escenarios e contextos variados.
- 1.12 Utilización das capacidades profesionais para contribuír ao avance dos coñecementos veterinarios e do concepto One Health, co fin de promover a saúde, a seguridade e o benestar dos animais, as persoas e o medio ambiente, así como os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas.
- 1.13. Demostrar capacidade para recoñecer os límites persoais e profesionais, e saber buscar asesoramento, axuda e apoio profesionais cando sexa necesario.

Competencias a Día 1 (EAEVE)

(aprobado polo ECCVT o 30 de marzo de 2023). Anexo 2 do ESEVT SOP 2023

https://www.eaeve.org/fileadmin/downloads/SOP/ESEVT_SOP_2023_adopted_by_the_36th_GA_in_Leipzig_on_8_June_2023.pdf

1.14 Demostrar un compromiso coa aprendizaxe permanente e co desenvolvemento profesional. Isto inclúe o rexistro e a reflexión sobre a experiencia profesional e tomar medidas para mellorar o rendemento e a competencia.

1.15 Participar en procesos de autoavaliación e avaliación por pares (entre estudantes) de forma regular para mellorar o rendemento.

1.16 Obter unha historia precisa e relevante do animal individual ou do grupo de animais, e da súa cría e medio ambiente.

1.17 Manexar e suxeitar os pacientes animais con seguridade e con respecto ao animal e instruír a outros para que axuden ao veterinario a realizar estas técnicas.

1.18 Realizar un exame clínico completo e demostrar capacidade para a toma de decisións clínicas.

1.19 Desenvolver plans de tratamento adecuados e administrar o tratamento en interese do animal ao seu coidado en función dos recursos dispoñibles e das consideracións de saúde pública e medioambientais adecuadas.

1.20 Atender en caso de emerxencia e realizar primeiros auxilios en especies animais comúns. Priorizar a urxencia da situación e asignar os recursos en consecuencia.

1.21 Avaliar a condición física, o benestar e o estado nutricional dun animal, ou grupo de animais, e asesorar ao cliente sobre os principios de cría, alimentación, reprodución, produción, benestar, saúde individual, saúde do rabaño e saúde pública.

1.22 Recoller, conservar e transportar mostras, seleccionar as probas de diagnóstico adecuadas, interpretar e comprender as limitacións dos resultados das probas.

1.23 Comunicar información con claridade e colaborar cos servizos de referencia e diagnóstico, incluíndo a subministración dunha historia adecuada.

1.24 Utilizar o equipamento básico de diagnóstico e realizar un exame de forma eficaz segundo corresponda ao caso, de acordo coas boas prácticas de seguridade e saúde e a normativa vixente. Comprender a contribución das ferramentas dixitais e da intelixencia artificial en veterinaria.

1.25 Recoñecer os signos de posibles enfermidades de declaración obrigatoria, notificables e zoonóticas, así como de malos tratos animais e tomar as medidas oportunas, incluída a notificación ás autoridades competentes.

1.26 Acceder ás fontes de datos adecuadas sobre información e lexislación relativas ao coidado e benestar dos animais, o movemento de animais, as enfermidades de declaración obrigatoria e notificación, o uso de medicamentos, incluído o uso responsable de antimicrobianos.

1.27 Prescribir e dispensar medicamentos de forma correcta e responsable de acordo coa lexislación e as últimas directrices.

Competencias a Día 1 (EAEVE)

(aprobado polo ECCVT o 30 de marzo de 2023). Anexo 2 do ESEVT SOP 2023

https://www.eaeve.org/fileadmin/downloads/SOP/ESEVT_SOP_2023_adopted_by_the_36th_GA_in_Leipzig_on_8_June_2023.pdf

- 1.28 Informar da sospeita de reaccións adversas (á medicación) a través da canle apropiada.
- 1.29 Recomendar e avaliar protocolos de bioseguridade, e aplicar estes principios correctamente.
- 1.30 Realizar adecuadamente procedementos asépticos.
- 1.31 Realizar con seguridade a sedación e a anestesia xeral e rexional; aplicar métodos químicos de contención (manexo seguro do animal).
- 1.32 Previr, valorar e manexar a dor.
- 1.33 Recoñecer cando a eutanasia é apropiada e realizala con respecto ao animal e aos seus propietarios, utilizando un método adecuado, tendo en conta a seguridade dos presentes; asesorar sobre a eliminación ética e legal do cadáver.
- 1.34 Realizar a necropsia en todas as especies animais comúns, incluíndo a toma de mostras, o envío e a notificación (informe de necropsia).
- 1.35 Realizar a inspección ante mortem dos animais produtores de alimentos, incluíndo a atención aos aspectos de benestar, o exame post mortem macroscópico sistemático, o rexistro de observacións, e a toma de mostras de tecidos, o seu almacenamento e transporte.
- 1.36 Realizar a inspección de alimentos e pensos para identificar correctamente as condicións que afectan á calidade e seguridade dos produtos de orixe animal, incluída a tecnoloxía alimentaria relacionada.
- 1.37 Protexer a saúde pública identificando condicións que estean directa, ou indirectamente, relacionadas cos animais, os seus produtos e subprodutos, cando contribúan á protección, conservación e mellora da saúde humana.
- 1.38 Asesorar e poñer en marcha programas preventivos e de erradicación adecuados á enfermidade e á especie, en consonancia coas normas aceptadas de saúde animal, benestar animal, saúde pública e saúde ambiental.